

CONVOCATORIA XUNTA DIRECTIVA EXTRAORDINARIA
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL LIMIA-ARNOIA GDR10

Pola presente convócase á Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural Limia Arnoia, por procedemento escrito, co obxectivo de tratar e aprobación, se procede, os seguintes puntos do día.

O prazo para realizar o voto positivo, afirmativo ou abstención remata o luns día 22/03/2021.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, acta da sesión anterior.**
- 2. Aprobación do cadro orzamentario do GDR para a convocatoria de axudas 2021-2022.**
- 3. Aprobación, modificación da Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR, co obxectivo de adaptala ás propostas de AGADER.**
- 4. Modificación dos contratos de obra ou servizo a contratación fixa, por instrución da Inspección de traballo.**

INFORMACIÓN DOS PUNTOS DA ORDE DO DÍA.

- 1. Aprobación, acta da sesión anterior.**

Xúntase acta a este mail o borrador da acta

- 2. Aprobación do cadro orzamentario do GDR para a convocatoria de axudas 2021-2022.**

O cadro seguinte recolle o orzamento estimado para o a no 2021-2022, pendente de aprobación definitiva por parte de AGADER.

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 98844 25 35 //604026618
coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779// 604 027 382
administración@limia-arnoia.gal

No caso de que AGADER faga cambios sobre o total o GDR adaptará a cantidade total na mesma proporción que se se recolle neste cadro (proxectos produtivos 70%, proxectos non produtivos 30%).

Tipoloxía de proxectos	Tipo de promotor/a	%	TOTAL
PROXECTOS PRODUTIVOS		70%	70%
PROXECTOS NON PRODUTIVOS	PROXECTOS NON PRODUTIVOS ENTIDADES PRIVADAS	15%	30%
	PROXECTOS NON PRODUTIVOS ENTIDADES PÚBLICAS	15%	
	FORMACIÓN PROMOVIDA POLO GDR NA MEDIDA 19.2*	0%	

Propomos pasar os 7.550 € de formación aos Proxectos Non Produtivos, debido á situación covid e a complexidade para desenvolver formación presencial.

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTOS	2021	2022	TOTAL
19.2: Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	211.400,00 €	211.400,00 €	422.800,00 €
	Non Produtivos (entidades públicas locais)	45.300,00 €	41.525,00 €	83.050,00 €
	Non produtivos (institucións de carácter privado)	45.300,00 €	41.525,00 €	83.050,00 €
	Formación promovida polos GDR	0,00 €	7.550,00 €	15.100,00 €
	TOTAL	302.000,00 €	302.000,00 €	604.000,00 €

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
 ☎ 98844 25 35 //604026618
coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
 ☎ 604 028 453
técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
 ☎ 988 688 779// 604 027 382
administración@limia-arnoia.gal

3. Aprobación, modificación da Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR, co obxectivo de adaptala ás propostas de AGADER.

O 18 de marzo de 2021, saen publicadas as modificacións das bases reguladoras das axudas Leader, cambios centrados en incorporar como proxectos subvencionables os amparados polo Lei de Recuperación de Terras abandonadas e os instrumentos recollidos na mesma (aldeas modelos, poligo agroforestais,...)

Sen prexuízo do disposto nos apartados 1 e 2 deste artigo, tamén serán subvencionables os investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria».

a) *Engádeselle un novo parágrafo ao artigo 49, coa seguinte redacción:*

« Poderán ser subvencionables os investimentos de natureza non produtiva que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular».

Co obxectivo de adaptar a nosa estratexia ás Bases Reguladoras propomos a seguinte modificación na EDL e Baremos:

Páxina 86. 20. Descrición da estratexia. Xustificación das propostas incluídas, coa base da análise de contexto, DAFO e proceso participativo social.

I. Píares da estratexia de desenvolvemento local

Incorporar no cadro, columna Sector Agrario.

- Dar respaldo ás propostas ou proxectos dentro da Lei de Recuperación de Terras Abandonadas, e dos instrumentos que recolle (aldea modelo, polígono agroforestal,)
- Dar respaldo ás propostas do Plan estratéxico do sector agrario da Limia
- Dar respaldo ás propostas de calquera outro Plan de carácter comarcal ou local dependentes da administración galega.

Identificamos tres liñas de acción, AGRO, MEDIO AMBIENTE e OS SERVIZOS AOS MAIORES, isto significa que se terán en conta no deseño dos programas de cooperación, na priorización de proxectos, nos plans de formación a desenvolver por parte do GDR e na busca doutros proxectos de cooperación fora do LEADER 2014-2020.

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz

☎ 98844 25 35 //604026618

coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitás, 4 32800 Celanova

☎ 604 028 453

técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia

☎ 988 688 779// 604 027 382

administración@limia-arnoia.gal

1. PIARES DA EDL, as MEDIDAS CONCRETAS nas que se resume as liñas estratéxicas son:

- Todos os proxectos enmarcables dentro da Lei de Recuperación e Terras Abandonadas e os seus instrumentos de xestión, Plan estratéxico do sector agrario da Limia ou calquera outra plan estratéxico promovido pola Administración galega no territorio do GDR.

ANEXO BAREMOS: Puntuación específica para proxectos enmarcables na Lei e plan estratéxicos.

PROXECTOS PRODUTIVOS:

5	IMPACTO SOBRE O TERRITORIO		25
5.1	<p>Actividades estratéxicas (sector agroforestal*, termal, mediambiental e servizos sociais**)</p> <p>Proxectos enmarcados dentro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou nalgúns dos instrumentos da lei.</p> <p>Proxectos enmarcados en Plans estratéxicos sectorias de ámbito comarcal ou local.</p>		20

PROXECTOS NON PRODUTIVOS PÚBLICOS

4.2	Incidencia sobre colectivos determinados: mocidade, promoción da igualdade, integración de colectivos de especial dificultade.		20
	Beneficiarios aos que vai dirixido especificamente o proxecto (acumulable)		10
	Discapacitados	10	
	Mulleres	10	
	Infancia, xuventude ou terceira idade	10	
	Colectivos en risco de exclusión social	10	
	Proxectos enmarcados na Lei ou Plan aprobados		10
	<p>Proxectos enmarcados dentro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou nalgúns dos instrumentos da lei.</p> <p>Proxectos enmarcados en plans Estratéxicos Sectorias de ámbito comarcal ou local.</p>	10	

NON PRODUTIVOS PRIVADOS

4	IMPACTO SOBRE O TERRITORIO		35
4.1.	Proxectos enmarcados na Lei ou plans aprobados		10
	<p>Proxectos enmarcados dentro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou nalgúns dos instrumentos da lei.</p> <p>Proxectos enmarcados en Plans estratéxicos Sectorias de ámbito comarcal ou local.</p>	10	

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
 ☎ 98844 25 35 //604026618
 coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
 ☎ 604 028 453
 técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
 ☎ 988 688 779// 604 027 382
 administración@limia-arnoia.gal

Proposta de aprobación de modificación da EDL e Baremos en función da aprobación das BASES REGULADORAS POR PARTE DE AGADER.

4. Modificación contratos temporais a indefinidos do persoal laboral do GDR.

O pasado 02/03/2021 recibimos notificación do Ministerio de Traballo e Economía Social, no que se daba ao GDR o prazo dun mes para regularizar os contratos dos tres traballadores do GDR, por ter un contrato de obra ou servizo en vigor dende hai máis de 48 meses.

Nos vindeiros días procederase á regularización dos contratos pasando de temporais a fixos, tal e como recolle Inspección de Traballo. Xúntase escrito de inspección de Traballo.

Gumersindo Lavas Alvar

Xinzo, 15 de marzo de 2021

Asinado

Gumersindo Lamas Alvar.
Presidente do GDR Limia Arnoia

OFICINAS:

Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 98844 25 35 //604026618
coordinadora@limia-arnoia.gal

Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
técnico@limia-arnoia.gal

Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779// 604 027 382
administración@limia-arnoia.gal